

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E NOVO NORDISK PHARMA S.A. PARA A ORGANIZACIÓN DA XORNADA DE HUMANIZACIÓN SANITARIA 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizou, o día 3 de xuño de 2026, con Novo Nordisk Pharma, S.A. o instrumento convencional arriba referido.

O convenio está vixente desde o día seguinte ao da súa firma ata o 31 de decembro de 2026, salvo denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de 15 días naturais á prevista para a finalización da súa vixencia ou resolución anticipada. Será prorrogable por común acordo das partes, formalizado por escrito, cando as circunstancias do cumprimento do seu obxecto o aconsellen, de conformidade co disposto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Formar aos profesionais sanitarios en humanización e impulsar unha mellor atención sanitaria centrada na persoa (segundo a actividade descrita no anexo I do convenio).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e



pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema público de Saúde de Galicia.

Laboratorios Novo Nordisk Pharma, S.A. ten por obxecto social e finalidades a investigación, o desenvolvemento e a fabricación e comercialización de medicamentos e produtos sanitarios.

Un dos seus obxectivos é traballar para a calidade de vida dos pacientes que sofren enfermidades crónicas. Neste sentido, a súa vontade é ofrecer produtos e servizos que lles axuden a mellorar a súa calidade de vida, á sociedade en xeral, e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade asistencial. En consecuencia, pode adoptar e desenvolver actividades de investigación, formativas e de atención ao paciente crónico, contando coa colaboración e apoio científico, técnico e institucional dos xestores de servizos sanitarios.

A entidade quérese aliñar cos obxectivos da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e implicarse como axente colaborador, en relación á formación dos profesionais sanitarios en humanización.

O convenio formalizouse ao amparo do establecido no artigo 48.1. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que *"As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes..., no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia"* e, de modo específico, no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, no que se regulan os *"Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral"* e en cuxo apartado 1 establécese que *"Entenderase por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo cal as entidades a que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, xa sexa dineraria, en especie ou consista nunha prestación de servizos realizada no exercicio da actividade económica propia do colaborador, comprométense por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades. Esta difusión poderá ser realizada, así mesmo, polo colaborador."*





A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe unha prestación de servizos”.

Coa finalidade de formar aos profesionais sanitarios en humanización, realizouse unha actividade destinada a profesionais sanitarios do Sistema Público de Galicia de todas as áreas sanitarias, co obxecto de que servise de punto de encontro para intercambiar e compartir modos de actuación, experiencias e proxectos, poñendo en valor a súa profesionalización e vocación, co único fin de proporcionar a mellor asistencia posible a pacientes e impulsar unha atención sanitaria centrada na persoa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

